



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria  
para persoas adultas



## Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

### Módulo 4

#### Unidade didáctica 15

## Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

# Índice

---

|           |                                                                              |           |
|-----------|------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1.</b> | <b>Introdución.....</b>                                                      | <b>3</b>  |
| 1.1       | Descrición da unidade didáctica.....                                         | 3         |
| 1.2       | Coñecementos previos.....                                                    | 3         |
| 1.3       | Suxestións para a motivación e o estudo.....                                 | 4         |
| 1.4       | Orientacións para a programación temporal .....                              | 4         |
| <b>2.</b> | <b>Secuencia de contidos e actividades .....</b>                             | <b>5</b>  |
| 2.1       | O espírito emprendedor .....                                                 | 5         |
| 2.1.1     | Autonomía e autocoñecemento .....                                            | 10        |
| 2.1.2     | A iniciativa emprendedora e o empresario/a na sociedade .....                | 12        |
| 2.2       | Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional..... | 15        |
| 2.3       | Itinerarios formativos e carreiras profesionais.....                         | 16        |
| 2.3.1     | Itinerario formativo.....                                                    | 16        |
| 2.3.2     | Ciclos formativos .....                                                      | 18        |
| 2.3.3     | Carreiras profesionais .....                                                 | 19        |
| 2.3.4     | A procura de emprego.....                                                    | 21        |
| 2.3.5     | O autoemprego .....                                                          | 23        |
| 2.3.6     | A toma de decisións sobre o itinerario persoal .....                         | 26        |
| <b>3.</b> | <b>Resumo de contidos .....</b>                                              | <b>28</b> |
| <b>4.</b> | <b>Actividades complementarias .....</b>                                     | <b>35</b> |
| <b>5.</b> | <b>Exercicios de autoavaliación .....</b>                                    | <b>36</b> |
| <b>6.</b> | <b>Solucionario.....</b>                                                     | <b>40</b> |
| 6.1       | Solucións das actividades propostas .....                                    | 40        |
| 6.2       | Solucións das actividades complementarias.....                               | 49        |
| 6.3       | Solucións dos exercicios de autoavaliación .....                             | 51        |
| <b>7.</b> | <b>Glosario.....</b>                                                         | <b>54</b> |
| <b>8.</b> | <b>Bibliografía e recursos .....</b>                                         | <b>55</b> |
| <b>9.</b> | <b>Anexo. Licenza de recursos .....</b>                                      | <b>56</b> |

# 1. Introducción

---

## 1.1 Descrición da unidade didáctica

Cal é o perfil da persoa emprendedora? Canto diñeiro necesita unha persoa para emprender? Que apoios ten á hora de decidir o seu negocio? Cal é o salario dunha persoa emprendedora? Cales son as vantaxes e os inconvenientes de emprender? Cal é o principal obstáculo á hora de emprender?

En primeiro lugar preguntáronos estas cuestións se decidimos botar a andar un negocio. Ao longo desta unidade iremos dando solución a estas preguntas para estudar cales son as calidades que debe posuír a persoa emprendedora. Tamén veremos os problemas aos que terá que enfrontarse e a importancia do autocoñecemento e da autonomía persoal como requisitos necesarios para ser unha persoa emprendedora.

En segundo lugar, veremos cales son os itinerarios formativos que unha persoa pode seguir para formarse e prepararse na vida e nos estudos; así poderá tomar a decisión máis axeitada entre as distintas opcións.

Finalmente, desenvolveremos o proceso de procura de emprego en varias empresas e visitaremos diferentes portais de emprego.

## 1.2 Coñecementos previos

Ao comezo da unidade, recoméndase realizar unha actividade inicial de coñecementos previos. Esta consistirá nunha serie de preguntas breves de resposta curta para debater na aula ou nun pequeno cuestionario tipo test.

É importante que o alumnado tome conciencia da importancia que teñen os contidos que van estudar. Seranlle de grande utilidade ao longo da súa vida.

O alumnado xa coñece moito dos contidos que imos estudar nesta unidade, xa que aparecen conceptos como o *autoemprego*, a formación profesional, os estudos universitarios

Esta unidade será fundamental para a estudo da seguinte. De aí a importancia da súa completa comprensión.

## 1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

Nesta unidade tan unida á realidade do alumnado, utilizaremos como técnicas de motivación para o seu estudo algunhas actividades variadas baseadas na contorna do alumnado para espertar así o seu interese.

- Vídeos explicativos.
- Portais de procura de emprego.
- Actividades:
  - de relacionar;
  - de encher ocos;
  - encrucillados e pasatempos.
- Test de iniciativa emprendedora para descubrir cales son os seus puntos fortes e cales os febles.
- Confección dun itinerario formativo persoal.

## 1.4 Orientacións para a programación temporal

En canto á programación da unidade, dedicaráselle catro semanas, tempo suficiente para estudar os contidos e acadar os obxectivos previstos.

- *Primeira semana:* Autonomía e *autocoñecemento*. A iniciativa emprendedora e o empresario/a na sociedade. Resolución e corrección de actividades.
- *Segunda semana:* Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. Itinerarios formativos. Resolución e corrección de actividades.
- *Terceira semana:* O *autoemprego*. A procura de emprego. A toma de decisións sobre o itinerario persoal. Resolución e corrección de actividades.
- *Cuarta semana:* Actividades complementarias. Dúbdas e repaso de contidos.

## 2. Secuencia de contidos e actividades

*"Ser unha persoa emprendedora non é un emprego, senón unha actitude e unhas accións para acadar obxectivos"*



### 2.1 O espírito emprendedor

- *Emprender é*
  - iniciar unha actividade que esixe un esforzo e un traballo;
  - asumir riscos relacionados co tempo, traballo e diñeiro;
  - unha forma positiva de afrontar a incerteza do mañá.
- *As persoas emprendedoras son*
  - innovadoras;
  - capaces de adaptarse aos cambios;
  - capaces de obter unha vantaxe deles mesmos.
- *O espírito emprendedor supón*
  - querer desenvolver capacidades de cambio;
  - experimentar coas ideas propias;
  - reaccionar con maior apertura e flexibilidade ante os retos presentes e futuros.
- *As calidades dunha persoa emprendedora son*
  - **A motivación**
  - **A capacidade de emprender**
    - Claridade de ideas.
    - Creatividade e innovación.
    - Adaptación aos cambios e ás situacións novas.
    - Asumir riscos e afrontalos.

- Persistencia e sacrificio.
- Comunicación e sociabilidade.
- Planificación e organización.
- Visión de futuro.
- Confianza nun mesmo.
- Optimismo.
- **As capacidades profesionais/habilidades**
  - Experiencia previa no sector.
  - Formación e xestión empresarial.
  - Traballo en equipo.
  - Coñecementos técnicos.

O espírito emprendedor é a mellor forma de enfrontar a incerteza nunha contorna que cambia, na cal se atopa o mundo actual, mediante a innovación, a creatividade e a iniciativa. A persoa emprendedora conta coas capacidades precisas para logralo.



### Por que emprender na actualidade?

A definición de emprender céntrase en administrar un negocio que implica asumir riscos, utilizar a iniciativa e a intuición para que a idea que se vai desenvolver teña éxito.

Un trazo que distingue a persoa emprendedora é que soamente se centra nun nicho de mercado ou ben nunha oportunidade que nunca foi cuberta ou que non foi explotada do xeito adecuado para que acadara o éxito.

Cómpre mencionar os problemas que lle poden xurdir á persoa emprendedora:

- A persoa emprendedora quere participar en solitario na xestión e funcionamento do seu negocio, sen permitirse a oportunidade de ser axudada por outras persoas, que poden ser de grande utilidade en momentos difíciles.
- Se o negocio comeza a medrar, necesitará outro tipo de controis e procedementos que a persoa emprendedora non vai a poder afrontar soa.

- A persoa emprendedora pode ser boa comercial e innovadora, pero non ten porque posuír a capacidade de xestionar unha grande empresa.

Polo tanto, a persoa emprendedora debe ser consciente de que se necesita dunha boa estrutura organizada na empresa, integrada por persoas con características diferentes que teñan a posibilidade de tomar decisións na mesma medida que a propia persoa emprendedora.



### Cal é a diferenza entre empresario/a e persoa emprendedora?

Ser empresario/a e persoa emprendedora non é o mesmo, pois son conceptos moi diferentes. Na seguinte táboa aparecen as diferenzas entre eles:

| EMPRESARIO/A                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | PERSOA EMPRENDEDORA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pensa e elabora moito.</li> <li>▪ Delega noutros.</li> <li>▪ Define estratexias e obxectivos.</li> <li>▪ Mide os resultados do traballo dos seus traballadores.</li> <li>▪ Xera moito valor na empresa.</li> <li>▪ Rodéase de xente capaz, que toma decisións.</li> <li>▪ Mira os cambios que hai no mercado.</li> <li>▪ Premia os resultados.</li> <li>▪ Coñece os números da empresa.</li> <li>▪ É imprescindible para facer medrar a empresa.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballa moito.</li> <li>▪ Fai as xestións ela mesma.</li> <li>▪ Soluciona problemas.</li> <li>▪ Controla que os traballadores traballen todo o día.</li> <li>▪ Fai moitas cousas.</li> <li>▪ Rodéase de xente traballadora e submisas.</li> <li>▪ Controla o funcionamento da empresa.</li> <li>▪ Premia o esforzo.</li> <li>▪ Coñece as máquinas da empresa.</li> <li>▪ É imprescindible para crear a empresa e poñela a funcionar.</li> </ul> |

### Actividade resolta

Andrés abriu un negocio de zapatos de flamenco para home. A fabricación é propia e funciona dende hai cinco anos. Comezou cunha pequena tenda situada na Avenida de Andalucía, en Fuengirola, Málaga. Andrés sempre foi unha persoa traballadora, disposta a asumir riscos, con intención de converter a súa tenda taller nunha fábrica que puidese fabricar e vender zapatos en toda España. Na actualidade, Andrés conta con doce empregados que fabrican zapatos para toda España.

Responde Andrés á figura de empresario emprendedor?

Que estratexia empresarial cre que está a seguir?

|                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responde Andrés á figura de empresario emprendedor?</li> </ul>                                                                                                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Si. Andrés é unha persoa que coa súa iniciativa asume un risco e crea unha empresa. Para isto establece os seus obxectivos, organiza e dirixe para que os obxectivos de crecemento e beneficios poidan ser acadados.</li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que estratexia empresarial cre que está a seguir? Entendendo por estratexia empresarial a procura dun plan de acción que desenvolva unha vantaxe competitiva.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Andrés está a utilizar como estratexia empresarial o enfoque do seu produto un segmento de poboación moi concreto: calzado rexional destinado a feiras e romarías, sobre todo de Andalucía.</li> </ul>                          |

## Actividades propostas

- S1.** Indique cales das seguintes calidades que debe reunir unha persoa emprendedora son verdadeiras e cales son falsas.

|                                                   |  |
|---------------------------------------------------|--|
| ▪ Creatividade e innovación.                      |  |
| ▪ Persistencia e resistencia ao fracaso.          |  |
| ▪ Capacidade de atopar apoios entre quen o rodea. |  |
| ▪ Procura constantemente oportunidades.           |  |
| ▪ Sempre fracasa.                                 |  |
| ▪ Non adoita facer o que lle gusta.               |  |
| ▪ Confía en si mesma.                             |  |

- S2.** Na seguinte listaxe aparecen cinco temas dos cales terá que elixir dous. Despois indique o proxecto que lle gustaría emprender con cada un deles.

|                                                                                                                                             |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Negocios</li> <li>▪ Viaxes</li> <li>▪ Deportes</li> <li>▪ Saúde</li> <li>▪ Espectáculos</li> </ul> |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|

- S3.** Una con frechas as calidades da columna da esquerda cos conceptos de empresario/a e emprendedor da columna da dereita.

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                           |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Persoa que toma as decisións dunha empresa.</li> <li>▪ Persoa estreitamente ligada á iniciativa e á acción.</li> <li>▪ Persoa que fixa os obxectivos da empresa.</li> <li>▪ Persoa que desenvolve capacidades para levar a cabo cambios e experimentar con ideas propias.</li> <li>▪ Persoa que ten capacidade de relación coa contorna, con creatividade e dinamismo.</li> </ul> | <div> <p><b>PERSOA EMPRENDEDORA</b></p> <p><b>EMPRESARIO/A</b></p> </div> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------|

- S4.** Observe as seguintes características e trazos dunha persoa emprendedora e trate de determinar en que medida as posúe.

| Trazo                  | % | Trazo                          | % | Trazo                                  | % |
|------------------------|---|--------------------------------|---|----------------------------------------|---|
| ▪ Iniciativa           |   | ▪ Autoestima                   |   | ▪ Capacidade para tomar decisións      |   |
| ▪ Saber planificar     |   | ▪ Optimismo                    |   | ▪ Motivación polo logro                |   |
| ▪ Gusto polo risco     |   | ▪ Responsabilidade             |   | ▪ Capacidade para traballar en equipo  |   |
| ▪ Espírito emprendedor |   | ▪ Resistencia á frustración    |   | ▪ Entusiasmo                           |   |
| ▪ Independente         |   | ▪ Habilidade para relacionarse |   | ▪ Enerxía                              |   |
| ▪ Creatividade         |   | ▪ Persuasión                   |   | ▪ Capacidade                           |   |
| ▪ Constancia           |   | ▪ Mentalidade aberta           |   | ▪ Capacidade para solucionar problemas |   |
| ▪ Liderado             |   | ▪ Capacidade de improvisación  |   |                                        |   |

- S5.** Ten madeira de empresario/a? Conteste con sinceridade o seguinte test e descubrirá cales son os seus puntos fortes e os febles, así poderá corrixilos. Puntúe cada unha das seguintes afirmacións (5 - Totalmente de acordo. 4 - De acordo. 3 - Non sabe/Non contesta. 2 - En desacordo. 1 - Totalmente en desacordo).

| AFIRMACIÓNS                                                                                                           | PUNTUACIÓNS |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 1. Teño claros os meus obxectivos profesionais.                                                                       |             |
| 2. Considérome preparado para responder a situacións novas.                                                           |             |
| 3. Aclaro o que é importante para min.                                                                                |             |
| 4. Comprometínme comigo mesmo a actuar para acadar os meus obxectivos profesionais.                                   |             |
| 5. Planifiquéi na medida do posible todos os pasos que debe dar para acadar os meus obxectivos profesionais.          |             |
| 6. Resúltame difícil aceptar situacións cambiantes no aspecto laboral.                                                |             |
| 7. Propóñome desafíos á altura das miñas capacidades.                                                                 |             |
| 8. Estou disposto/a a arriscar para acadar os meus obxectivos profesionais.                                           |             |
| 9. Estou disposto/a a superar todos os obstáculos que me impidan acadar os meus obxectivos profesionais.              |             |
| 10. Adapto as miñas propostas segundo se presenten as situacións.                                                     |             |
| 11. Confío plenamente na miña capacidade para solucionar os problemas relacionados co meu ámbito profesional.         |             |
| 12. Atópolle sentido aos meus obxectivos profesionais.                                                                |             |
| 13. Teño establecidos cales son os niveis que quero acadar profesionalmente.                                          |             |
| 14. Miro as cousas desde diferentes puntos de vista.                                                                  |             |
| 15. Creo que é necesario facer plans para casos de emerxencia.                                                        |             |
| 16. A miúdo avalío os meus progresos cuantitativamente.                                                               |             |
| 17. Premio os meus progresos.                                                                                         |             |
| 18. Penso en todas as posibilidades antes de tomar decisións ou avaliar os feitos.                                    |             |
| 19. Podo converter unha situación negativa nunha oportunidade profesional para min.                                   |             |
| 20. Sei identificar necesidades insatisfeitas e non cubertas polo mercado.                                            |             |
| 21. Cada circunstancia ou cada persoa pode representar unha oportunidade para acadar os meus obxectivos profesionais. |             |
| 22. Podo manter un nivel de actividade elevado decote sen sentirme excesivamente cansado despois.                     |             |
| 23. Usualmente, consigo transmitir o meu entusiasmo aos demais.                                                       |             |
| 24. Cando estou convencido de algo, resúltame doado convencer os demais das miñas ideas.                              |             |
| 25. Adopto unha actitude autocrítica ante os meus erros, adoito aprender deles.                                       |             |
|                                   |             |

**S6.** Corrixa as características que estean mal da persoa emprendedora e do empresario/a.

| PERSOA EMPRENDEDORA                                                                                                                                                                                                                                                                             | EMPRESARIO/A                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballa moito.</li> <li>▪ Delega noutros.</li> <li>▪ Rodéase de xente capaz, que toma decisións.</li> <li>▪ Premia o os resultados.</li> <li>▪ Coñece os números da empresa.</li> <li>▪ Fai moitas cousas.</li> <li>▪ Soluciona problemas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pensa moito.</li> <li>▪ Fai o traballo el mesmo.</li> <li>▪ Rodéase de xente traballadora e submisa.</li> <li>▪ Premia o esforzo.</li> <li>▪ Coñece as máquinas da empresa.</li> <li>▪ Xera moito valor na empresa.</li> <li>▪ Fixa obxectivos.</li> </ul> |

### 2.1.1 Autonomía e autocoñecemento

Que é a autonomía?

A autonomía é a capacidade ou condición dunha persoa de desenvolver tarefas dunha forma independente, que é capaz de tomar decisións e actuar en situacións relativas a un mesmo.

Que é o autocoñecemento?

O autocoñecemento é coñecerse a un mesmo. Saber cales son todas as nosas calidades aceptando as boas e modificando aquelas que vemos que están mal, de aí a importancia do autocoñecemento para o desenvolvemento persoal e profesional.

Polo tanto, pódese dicir que a autonomía e o autocoñecemento son dúas condicións que deben formar parte da figura da persoa emprendedora.

### Actividades propostas

**S7.** Relacione cada palabra coa súa definición e coloque cada letra na cuadrícula axeitada.

| Letra | Termo        | Letra | Definición                                                           |
|-------|--------------|-------|----------------------------------------------------------------------|
| A     | ▪ Iniciativa |       | ▪ Valoración dun mesmo                                               |
| B     | ▪ Autonomía  |       | ▪ Arte de motivar, comandar e conducir a persoas                     |
| C     | ▪ Motivación |       | ▪ Primeiro paso dun proxecto. Punto de partida dunha acción          |
| D     | ▪ Innovación |       | ▪ Aquelo que move a desenvolver unha acción ou un proxecto           |
| E     | ▪ Liderado   |       | ▪ Introducción de novos produtos ou servizos no mercado              |
| F     | ▪ Entusiasmo |       | ▪ Desenvolvemento dun proxecto de forma independente                 |
| G     | ▪ Autoestima |       | ▪ Estado interno que dirixe ao organismo a acadar un fin determinado |

**S8.** Indique cales son os posibles problemas aos que se ten que enfrontar unha persoa emprendedora.

|  |
|--|
|  |
|--|

**S9.** Relacione cada consello para a persoa emprendedora co seu significado e coloque cada letra na cuadrícula axeitada.

| Letra | Consello emprendedor                                                                                                                                                                                                                          |
|-------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecementos, experiencias, habilidades... Se domina un tema en particular, fágase unha persoa experta nel.</li> </ul>                                                                               |
| B     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debe buscar sempre a maneira de gastar menos e comparar ben os prezos.</li> </ul>                                                                                                                    |
| C     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como persoa emprendedora, debe valorar cada segundo, debe traballar todos os días e a todas as horas.</li> </ul>                                                                                     |
| D     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Se as cousas van mal pero confía na súa capacidade, teña paciencia e siga cara a adiante. E cando todo saia ben, vaia amodo.</li> </ul>                                                              |
| E     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os erros e os fracasos son parte do camiño que nos leva ao éxito. É máis, sen erros nin fracasos non acadará bos resultados.</li> </ul>                                                              |
| F     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Un negocio debe ser planificado e posuír un plan. Un plan de negocio é un documento onde sitúa toda a información que servirá para tomar decisións.</li> </ul>                                       |
| G     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debe emprender un negocio que o/a apaixone.</li> </ul>                                                                                                                                               |
| H     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debe ofrecer sempre algo novidoso, que permita diferenciarse dos seus principais competidores.</li> </ul>                                                                                            |
| I     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Empece ofrecendo un só produto ou atendendo un único tipo de consumidor, pois farase un experto nel e despois ofrecerá unha maior variedade de produtos na procura de novos consumidores.</li> </ul> |
| J     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Só cando goce de ser unha persoa emprendedora e deixe de obsesionarse cos cartos, chegarán a moreas.</li> </ul>                                                                                      |
| L     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como persoa emprendedora debe estar atenta a todo o que supoña unha oportunidade de negocio.</li> </ul>                                                                                              |
| M     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aprenda continuamente sobre negocios, sobre novas tecnoloxías e sobre todo aquilo que lle afecte ao seu negocio.</li> </ul>                                                                          |
| N     | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Como persoa emprendedora debe estar preparada para afrontar todo tipo de obstáculos e problemas, debe confiar na súa capacidade e seguir cara a adiante.</li> </ul>                                  |

| Letra | Significado                                                                                      |
|-------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Proxéctese nun futuro.</li> </ul>                       |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Busque a paixón no que faga.</li> </ul>                 |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ofrezca algo diferente.</li> </ul>                      |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non teña medo a cometer erros.</li> </ul>               |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aforre en todo o que poida.</li> </ul>                  |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sexa paciente.</li> </ul>                               |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aproveite as súas vantaxes.</li> </ul>                  |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comece en pequeno pero proxéctese ao grande.</li> </ul> |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Sexa perseverante.</li> </ul>                           |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Minimice o risco e logo actúe.</li> </ul>               |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Non sexa moi optimista.</li> </ul>                      |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aproveite o tempo.</li> </ul>                           |
|       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Rodéese de persoas inxenuas.</li> </ul>                 |

|          |                                                                                                                                                                                                                                  |  |                                                                                                                              |
|----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>O</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Tomar boas decisións é fundamental na vida dunha persoa emprendedora. É moi importante cavilalas ben.</li> </ul>                                                                          |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Planifique sempre.</li> </ul>                                                         |
| <b>P</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Considere sempre todos os problemas e dificultades que poidan xurdir e teña en conta que irán aparecendo problemas que non considerou.</li> </ul>                                         |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Non deixe de formarse.</li> </ul>                                                     |
| <b>Q</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ao emprender un negocio debe considerar a posibilidade de que poida converterse nun gran negocio.</li> </ul>                                                                              |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Analice perfectamente o mercado.</li> </ul>                                           |
| <b>R</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ao emprender un negocio debe informarse, analizar, capacitarse e planificar. Así minimizará os posibles riscos.</li> </ul>                                                                |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Medite ben as súas decisións.</li> </ul>                                              |
| <b>S</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Sempre debe estar atento aos consumidores, aos seus comportamentos, gustos ou preferencias, á competencia...</li> </ul>                                                                   |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Non se concentre só nos cartos.</li> </ul>                                            |
| <b>T</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Analice ben os gustos e as preferencias dos consumidores antes de lanzar un produto ao mercado.</li> </ul>                                                                                |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Busque sempre as oportunidades.</li> </ul>                                            |
| <b>U</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Se decide ter socios, busque aqueles que o complementen, que posúan recursos ou coñecementos que vostede non posúa e que teñan as mesmas aspiracións de crecemento ca vostede.</li> </ul> |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Non ofrezca algo que lle guste a vostede, senón aos consumidores en xeral.</li> </ul> |

### 2.1.2 A iniciativa emprendedora e o empresario/a na sociedade

A iniciativa emprendedora é aquel proceso social e dinámico no que as persoas, soas ou en colaboración con outras, identifican as oportunidades que ofrece o mercado para innovar ou levar as súas ideas á práctica dentro dun contexto social, cultural e económico.

No contexto de creación de empresas é unha actitude na que se reflicte a motivación e a capacidade do individuo para acadar un éxito económico e poñer a súa idea en práctica.

Nos últimos anos, en Europa, observamos unha tendencia crecente á iniciativa emprendedora como unha das bases fundamentais do crecemento económico.

#### O empresario/a na sociedade actual

Actualmente, o empresario/a non é concibido coma unha persoa individual, senón como un equipo de especialistas que dirixen a empresa (tecnocracia).

Os requisitos que ha de cumprir unha persoa para poder desenvolver unha actividade por conta propia son os seguintes:

- Ser maior de idade.
- Ter libre disposición dos seus bens.
- Exercer por conta propia unha actividade mercantil.

## O empresario/a e as novas tecnoloxías

A aparición das novas tecnoloxías da información e da comunicación mudou o panorama da realidade empresarial, debemos ter en conta sempre aspectos como a innovación, a utilización de Internet como medio para obter información, realizar, trámites, promocionar o produto, comunicación con persoas alleas ao negocio... e mesmo xestionar a empresa.

Na sociedade actual, a innovación enmárcase dentro do I + D + I (investigación, desenvolvemento e innovación).

- A investigación fai referencia ás actividades encamiñadas a aumentar os coñecementos técnicos e científicos da empresa.
- O desenvolvemento é a aplicación práctica dos coñecementos.
- A innovación concrétase en novas técnicas de organización e xestión da produción, prestación de servizos ou xestión de empresas.

A innovación afecta a todos os sectores de actividade, dende o sector industrial ata a agricultura, gandería ou o sector servizos.

### Actividade resolta

Antía e Xan son dous pequenos empresario/as que aínda non incorporaron a innovación á súa actividade. Antía ten unha pequena tenda de artigos de mercería e Xan é taxista.

Ambos os dous pensan que a innovación e as novas tecnoloxías só son aplicables e útiles para as grandes empresas, xa que dispoñen de recursos financeiros suficientes para incorporalas.

*Antía e Xan non teñen razón.*

- Todas as empresas deben ter en conta a innovación, independentemente do seu tamaño.
- Antía poderá cobrar con tarxeta bancaria aos seus clientes, adquirindo un TPV (terminal punto de venta) para o seu negocio.
- Xan pode adquirir un GPS, que lle facilite e axilice o seu servizo de transporte de viaxeiros.
- Así mesmo, ambos os dous poderán incorporar as novas tecnoloxías aos seus negocios sen necesidade de dispor de moitos recursos financeiros. Ademais axudaranlle a competir no mercado e a medrar.

### Actividades propostas

**S10.** Xaquín é empresario e comeza a notarse agoniado por todos os trámites que ten que facer día a día. Trámites como o pagamento de impostos, a solicitude de permisos no concello, as comunicacións a traballadores, os pedidos a provedores, as promocións do produto entre a clientela, entre moitos outros. Todo isto quíttalle moito tempo para poder facer as xestións da súa empresa. Cre que se utiliza as novas tecnoloxías podería gañar ese tempo perdido?

**S11.** Defina estes termos: investigación, desenvolvemento e innovación.

|                   |   |
|-------------------|---|
| ▪ Investigación   | ▪ |
| ▪ Desenvolvemento | ▪ |
| ▪ Innovación      | ▪ |

**S12.** Identifique cada imaxe coa súa definición.



|                     |
|---------------------|
| ▪ Desenvolvemento   |
| ▪ Investigación     |
| ▪ Novas tecnoloxías |
| ▪ Innovación        |

**S13.** Alberto Sánchez é o propietario dun taller de mecanizado e mantemento de máquinas industriais. Este ano investiu en maquinaria para poder ofrecer os servizos requiridos polos seus clientes. El sempre trata de organizar o traballo da forma máis eficiente posible, para isto, ofrece servizos diferenciados do resto dos seus principais competidores. O seu amigo Carlos recoméndalle que utilice o correo electrónico como medio de comunicación coa clientela e cos provedores.

|                                                        |  |
|--------------------------------------------------------|--|
| ▪ É Alberto un empresario innovador?                   |  |
| ▪ Debe seguir o consello do seu amigo Carlos? Por que? |  |

- S14.** Marta é unha pequena empresaria que ten unha academia de ensinanzas para a ESO, bacharelato e ciclos formativos en Allariz. Ela pensa que sería bo para o seu negocio introducir as novas tecnoloxías da información e da comunicación. Cales poden ser os beneficios e en que sentido se manifestarán?

### O empresario/a e a xeración de traballo e benestar social

Unha das funcións do empresario/a é xerar traballo e, polo tanto, benestar social. A creación de traballo e riqueza están na base do progreso económico.

As PEMES (pequenas e medianas empresas) son as que xeran máis postos de traballo e cobren unha alta porcentaxe do sector laboral en España.

Un posto de traballo sempre vai xerar benestar social, entendendo como tal, a situación na cal as persoas gozan dunha calidade digna de vida. Esta conséguese a través dun posto de traballo estable e ben remunerado que permita satisfacer as necesidades das persoas: unha vivenda digna, acceso á educación, tempo para o lecer ou os servizos sanitarios.



É fundamental a formación continuada das persoas para poder acceder aos postos de traballo que demandan as empresas. O mundo laboral require, cada vez máis, coñecementos e capacidades nos traballadores, sobre todo no que se refire ás tecnoloxías da información e da comunicación, dado que estamos na era dixital. De aquí a importancia da toma de decisións á hora de formarse. Ben optando polos itinerarios profesionais, ben optando por unha carreira profesional, que estudaremos no punto 2.3.

## 2.2 Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional

Algúns estudantes téñeno moi claro á hora de decidir a súa carreira profesional, pero outros necesitan axuda para escoller que carreira estudar.

Os xoves contan con diferentes ferramentas que lles serven de axuda para coñecer as súas habilidades e aptitudes, clarificar os seus gustos e indagar nas alternativas. Existen diferentes ferramentas para isto como os **tests de orientación vocacional**, os **cuestionarios de autoavaliación** e a **figura do orientador**, para reflexionar sobre unha decisión tan importante que sempre se está a tempo de corrixir.

- **Tests de orientación vocacional.** Axúdanlles aos estudantes na tarefa de decidirse por unha carreira ou por outra. Son unha serie de preguntas acerca dos seus gustos, intereses, aptitudes, actitudes e preferencias profesionais. Son unha axuda para que reflexionen sobre as súas intencións de cara ao futuro e onde lles gustaría estar nuns poucos anos: empresa, tipo de traballo...
- **Cuestionarios de autoavaliación.** Cuestionarios que axudan a elixir estudos ou ocupación dende o coñecemento persoal. Propóñense preguntas agrupadas nos seguintes apartados:
  - que che gusta?
  - que che gusta facer?
  - que sabes facer?
  - que valoras no traballo?
  - como es?
- **Orientador.** Profesionais que axudan os estudantes a aclararen o seu futuro profesional.

Visite a páxina <https://www.testgratis.net/psicologicos/test-vocacional.aspx> e poderá resolver un test de balde para saber a súa orientación vocacional.

## 2.3 Itinerarios formativos e carreiras profesionais

### 2.3.1 Itinerario formativo

#### Concepto

É o camiño que escolle unha persoa para prepararse e formarse. A formación é un proceso continuo ao longo da vida, Non só é imprescindible a formación técnica ou académica, senón tamén a formación como persoa. Hai que ter valores e saber relacionarse de forma positiva cos demais.

#### Tipos de formación

- **Formación regrada**
  - Primaria
  - Secundaria obrigatoria
  - Bacharelato
  - Ciclos formativos de grao medio
  - Ciclos formativos de grao superior
  - Estudos universitarios

- **Formación non regrada**

- Cursos;
- Mestrado;
- Formación ocupacional impartida polo SEPE e outras administracións;
- Ensino por correspondencia;
- Estudos impartidos por centros oficiais con títulos propios.

- **Formación permanente.** É todo aquilo que mellora a nosa competencia persoal, cultural e profesional a través:

- da lectura;
- de actividades culturais;
- do estudo persoal;
- de cursos de formación dentro das empresas;
- ....

### Alternativas despois da educación secundaria obrigatoria (ESO)

O alumnado que conclúa 4º ESO/ESA pode continuar estudando ou ben acceder ao mundo laboral.

As opcións educativas que ten son as seguintes:

- Bacharelato;
- Ciclos formativos de grao medio;
- Ensinanzas deportivas de grao medio;
- Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio.

No caso de que o alumno/a non acadara o título da ESO, ou non ten estudos previos, pode acceder:

- Á oferta formativa de educación de persoas adultas (maiores de 18 anos ou antes con contrato de traballo).
- Aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional (con proba de acceso e ter 17 anos).

- Ensinanzas de idiomas (con 16 anos ou con 14 para estudar un idioma distinto ao cursado na ESO).
- Ensinanzas elementais e profesionais de música e danza (con proba específica).
- Ciclos formativos de grao medio de ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño (con proba de acceso, proba específica e 17 anos).
- Ciclos de grao medio de ensinanzas deportivas (con proba de acceso e 17 anos e proba específica no caso de determinadas especialidades).



### 2.3.2 Ciclos formativos

O mercado laboral cada vez presenta un maior nivel de esixencia debido aos continuados avances tecnolóxicos que se van incorporando a el. Polo tanto, precísase unha formación profesional continuada que inclúa aspectos tales coma a integración de novas ideas e tendencias co obxectivo de adaptarse aos constantes cambios na sociedade actual.



- A innovación tecnolóxica na formación profesional fará que:
  - As nosas empresas sexan máis competitivas a través da incorporación de novos coñecementos técnicos e a creatividade nos procesos, produtos e servizos.
  - Os estudantes adquiren unha formación de calidade, que terá efectos positivos cara á procura de emprego e mellorando a súa inserción laboral.



Actualmente a formación profesional en Galicia pódese cursar por curso completo no réxime ordinario e modalidade presencial ou de xeito parcial por módulos formativos no réxime de persoas adultas nas modalidades presencial e a distancia.

A matrícula parcial por módulos permite que cada persoa

deseñe o seu propio itinerario formativo en función das súas necesidades.

Na seguinte ligazón pode atopar toda a información referente á oferta de ciclos formativos en Galicia:

<https://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp>

### 2.3.3 Carreiras profesionais

A carreira profesional é o conxunto de estudos superiores científicos, técnicos ou humanísticos mediante os cales se obtén un título ou diploma que capacita unha persoa para desenvolver unha profesión.



Unha vez que remata o bacharelato e está interesado en cursar unha carreira universitaria, debe tomar unha decisión importante: que carreira vou estudar? De aí a importancia de facer os tests de *autoavaliación* ou de orientación vocacional que vimos no punto 2.2, xa que en moitas ocasións queremos seguir os pasos dos nosos pais, familiares ou amigos, e isto non sempre é a mellor

alternativa.

En Galicia podemos atopar tres universidades onde cursar unha carreira:

- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo


Na seguinte ligazón pode atopar toda a información necesaria sobre os estudos universitarios e profesionais das universidades públicas galegas:

[www.carrerasuniversitarias.com/galicia.html](http://www.carrerasuniversitarias.com/galicia.html)

Na mesma ligazón pode atopar a información necesaria sobre os estudos universitarios e profesionais das universidades públicas en España:

[www.carrerasuniversitarias.com](http://www.carrerasuniversitarias.com)

Existe a posibilidade de estudar na universidade pública ou ben na universidade privada, tendo en conta, que o título expedido sexa homologable aos estudos cursados na universidade pública para ter acceso ao mercado de traballo.



## Actividades propostas

**S15.** Susana do Pazo rematou os seus estudos de bacharelato hai tres anos. Ela decidiu non seguir estudando e poñerse a traballar. Abriu un negocio cuxa actividade principal vai ser unha gardaría infantil. O pasado mes tivo que pechar o negocio, xa que as perdas eran constantes e os gastos ían en aumento. Os ingresos non chegaban para cubrir os gastos mensuais. Que lle puido ocorrer a Susana para chegar a esta situación?

**S16.** Antón está a piques de rematar o bacharelato. A nota media que espera acadar é un 6,4 e vai pola rama de Humanidades e Ciencias Sociais. Non sabe que estudar para o vindeiro curso, xa que a cualificación que ten non é moi alta. El precisa axuda para decantarse, ben por un ciclo formativo, ben por unha carreira profesional.

**S17.** Considera que na actualidade ten máis saídas profesionais cursar un ciclo formativo ca unha carreira universitaria? Por que?

**S18.** Encha os ocos coas palabras que aparecen na caixa, tendo en conta que algunha delas sobra.

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b><i>Formación regrada, carreiras profesionais, avances tecnolóxicos, itinerario formativo, laboral, ciclo formativo, formación non regrada</i></b></p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ O mercado _____ cada vez presenta un nivel maior de esixencia debido á introdución dos _____.</li><li>▪ As _____ son os estudos superiores técnicos, científicos ou humanísticos que che permiten obter un título para desenvolver unha profesión determinada.</li><li>▪ O _____ é o camiño que escolle unha persoa para prepararse e formarse.</li><li>▪ A formación ocupacional impartida polo SEPE e outras administracións é a formación _____.</li><li>▪ A educación primaria, secundaria obrigatoria e o bacharelato fan referencia á formación _____.</li></ul> |

### 2.3.4 A procura de emprego

A procura de emprego é o momento no cal debemos decidir o noso futuro profesional. A planificación é un dos elementos clave á hora de buscar un traballo.

Actualmente, como coñecedores da situación do mercado de traballo, a súa procura non se basea soamente en mirar no xornal as distintas ofertas de emprego que interesan e enviar o currículo. Para que te chamen e che fagan unha entrevista, debemos ter en conta a dificultade de atopar un traballo.

No caso de que unha persoa estea a buscar o seu primeiro traballo, os obxectivos nunca van a ser os previstos, xa que na maioría dos casos hai que comezar aceptando condicións que non se corresponden coa nosa preparación. A formación é un pilar fundamental para conseguir un posto de traballo axeitado ao noso perfil.

Vexamos a continuación como buscar emprego:

- **Oferta de emprego.** En primeiro lugar, é necesario descubrir unha empresa que demande traballadores para cubrir un posto de traballo. Temos que adoptar unha actitude activa con respecto á procura, é dicir, o traballo non o veñen ofrecer á casa, hai que saír buscalo.

Existen moitos portais en Internet de procura de emprego:

<http://www.infojobs.net/ofertas-trabajo>

<https://www.trabajos.com/>

<http://www.milanuncios.com/ofertas-de-empleo/>

- **Acceso á oferta.** Debemos presentar e indicar os nosos datos persoais, formación académica, experiencia profesional, coñecementos de informática, idiomas e outros datos de interese a través do currículo e a carta de presentación.
- **Probas de avaliación.** Son as que unha empresa lles realiza ás persoas candidatas e poden ser tests de aptitude (verbal, razoamento...), de personalidade e probas profesionais.
- **Entrevista de selección.** É o método máis utilizado pola empresa á hora de seleccionar o persoal e o que ten máis peso para decidir a súa contratación.
- **Emprego.** Superando todas as etapas anteriores, xa se consegue o posto de traballo, polo tanto acadase o obxectivo previsto.

O mundo do traballo está ligado á actividade económica, que se atopa organizada en sectores económicos (sector primario, secundario e terciario) e, estes, á súa vez, en ramas de actividade.

## Que aspectos ha de ter en conta á hora de ir a unha entrevista de traballo?

- Sexa perseverante;
- Teña en conta as condicións nas que está disposto a traballar;
- Lembre que o currículo é a súa carta de presentación cara á empresa. A fotografía que leve non debe ser rechamante;
- Chegue co tempo suficiente;
- Trate o interlocutor polo seu apelido;
- Non busque chamar a atención con vestimentas ou accesorios impropios;
- Sexa formal;
- Infórmese sobre os salarios no mercado laboral;
- Evite facer preguntas sobre o salario;
- Non faga uso do teléfono móbil;
- Non chame á empresa para preguntar se foi seleccionado despois de facer a entrevista.



Observe o seguinte vídeo:

[https://youtu.be/C-IrKbqq\\_dQ](https://youtu.be/C-IrKbqq_dQ)

**S19.** Despois de ver o vídeo na ligazón anterior, sinala que se debe facer e que non se debe facer nunha entrevista de traballo.

| QUE SE DEBE FACER | QUE NON SE DEBE FACER |
|-------------------|-----------------------|
|                   |                       |

**S20.** Que sector económico predomina na súa zona? Indague en que empresas demandan máis postos de traballo.

|  |
|--|
|  |
|--|

### 2.3.5 O autoemprego

O autoemprego é a actividade profesional ou empresarial creada e exercida pola propia persoa que dirixe a actividade e a xestiona, da cal obtén unhas ganancias por facelo. Consiste en crear o seu propio posto de traballo.

O autoemprego:

- É unha saída óptima para todos aqueles que non poden traballar por conta allea.
- Esixe esforzo e sacrificio.
- É unha forma de integrarse no mercado laboral e, polo tanto, un importante elemento del.
- Precisa dunha formación previa nun sector específico.
- Ofrece a posibilidade de optar por unha franquía, que consiste en apostar por unha forma segura de éxito.

#### Que é unha franquía?

Unha franquía é unha relación xurídica e comercial entre o propietario dunha marca comercial, nome comercial ou símbolo publicitario e unha persoa ou grupo de persoas que desexa explotar esa marca.

Polo tanto, a franquía dirixe a maneira de conducir un negocio entre as dúas partes. Unha franquía vende bens ou ofrece servizos que son subministrados polo dono da

marca. Este proporciona a experiencia profesional na xestión, plans de *marketing*, o saber facer...e, á súa vez, achega o espírito empresarial, para facer un éxito da franquía.



#### Como funciona unha franquía?

|                                                                                     |                                                                                      |                                                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  |  |
| McDonald's                                                                          | Eroski                                                                               | 100 Montaditos                                                                        |

|                                                                                   |                                                                                    |                                                                                     |
|-----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  |  |
| Yoigo                                                                             | Mango                                                                              | Leroy Merlin                                                                        |

Existen dous tipos de franquías:

- **Franquía de produto ou marca comercial.** Nesta modalidade, o dono dos dereitos dun nome ou marca comercial véndellos a outra persoa.
- **Franquía de negocio.** Relación ampla entre as dúas partes participantes. Neste modelo aparece unha ampla gama de servizos tales coma a situación do local, subministro de produtos, plan de *marketing*, deseño do local, adestramento, entre outros.

Hai moitas ligazóns para consultar a forma de funcionamento das diferentes franquías. Aquí aparecen algunhas delas:

<https://www.franquicias.es>

<https://www.todofranquicias.es>

<https://100franquicias.com>

### Axudas e subvencións ao autoemprego

O Goberno español puxo en marcha unha serie de iniciativas para incentivar o autoemprego. Entre elas destacan:

- **Axudas para o autoemprego de xoves emprendedores.** Consulte a seguinte ligazón:  
[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170220/AnuncioG0244-090217-0001\\_es.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170220/AnuncioG0244-090217-0001_es.html)
- **Incentivos aos traballadores por conta propia ou autónomos.** Consulte a seguinte ligazón:  
[https://www.sepe.es/contenidos/autonomos/prestaciones\\_ayudas/prestaciones\\_ayudas.html](https://www.sepe.es/contenidos/autonomos/prestaciones_ayudas/prestaciones_ayudas.html)
- **Axudas financeiras do ICO.** Consulte a seguinte ligazón:  
<http://www.ico.es/web/ico/empresas-y-emprendedores>
- **Bonificación a traballadores por conta propia ou autónomos por conciliación va vida profesional e familiar vinculada á contratación.** Consulte a seguinte ligazón:  
[https://www.sepe.es/contenidos/autonomos/prestaciones\\_ayudas/prestaciones\\_ayudas.html](https://www.sepe.es/contenidos/autonomos/prestaciones_ayudas/prestaciones_ayudas.html)

## Actividades propostas

**S21.** Relacione as franquías co sector de actividade ao que pertencen.

|                    |
|--------------------|
| ▪ TucTuc           |
| ▪ Zafiro Tours     |
| ▪ Midas            |
| ▪ EurekaKids       |
| ▪ Naturhouse       |
| ▪ Jean Louis David |

|                         |
|-------------------------|
| ▪ Automóbiles           |
| ▪ Xoguetes educativos   |
| ▪ Salón de peiteado     |
| ▪ Moda infantil         |
| ▪ Axencia de viaxes     |
| ▪ Nutrición e dietética |


**S22.** Encrucillado

### Horizontais

3. Demandante de emprego.  
 5. Persoa que pon unha idea na práctica asumindo riscos.  
 7. Capacidade para idear, inventar ou emprender.  
 13. Conxunto de estudos superiores cos cales se obtén un título para desempeñar unha actividade profesional.  
 15. Actividade profesional ou empresarial creada e exercitada pola propia persoa.

### Verticais

3. Camiño que escolle unha persoa para preparase e formarse.  
 5. Planificación dun conxunto de actividades dentro da empresa.  
 11. Representación mental que se relaciona con algo real.  
 15. Cambio que supón unha novidade.  
 18. Posibilidade de expoñerte a ter perdas no teu negocio.  
 22. Facultade que alguén ten para crear.



- S23.** Deseñe un itinerario persoal no que relacione as posibilidades do ámbito coas súas aspiracións e calidades. Valore tamén a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

### 2.3.6 A toma de decisións sobre o itinerario persoal

Á hora de tomar a importante decisión sobre o seu itinerario persoal, do cal dependerá o seu futuro profesional, cómpre ter en conta factores internos e variables externas.

#### Factores internos

- As características de cada persoa.
- A elección vocacional que depende do recoñecemento realista das propias habilidades e intereses.
  - Defínese a partir da información da oferta educativa conformada polas diferentes áreas, materias e os centros (localización, horarios...).
- A identificación dos gustos persoais e das aptitudes ou capacidades potenciais para desenvolverse nun ámbito determinado.



#### Factores externos

- Son os relacionados coa contorna na que se move a persoa (as estruturas sociais, económicas e culturais).
  - A influencia da familia tamén cobra un papel importante na toma das decisións persoais.
  - O tempo que lle quere dedicar aos estudos é un factor relevante, xa que determinará unha elección ou outra.
  - É importante considerar que coa formación recibida exista acceso ao mercado laboral e que a persoa estea capacitada para desenvolver unha actividade profesional dentro da empresa, ou precise continuar a súa formación ao longo da vida para conservar o posto de traballo.



Sempre se debe escoller o que responda verdadeiramente ás expectativas persoais.

### No caso de optar por unha carreira universitaria:

- A persoa debe coñecerse profundamente e ter definida cal é a súa vocación, os seus intereses, aptitudes e valores para realizar a elección axeitada.
- Que é a vocación? É unha inclinación natural cara a un estado, ocupación ou profesión determinada. Realizar unha boa elección de carreira depende da vocación de cada persoa.
- Ao elixir unha carreira estamos marcando o noso futuro profesional.
- En moitas ocasións, é difícil atopar a nosa vocación, xa que a podemos confundir cos nosos intereses.
- Teña en conta sempre que non é necesario estudar unha carreira para ter acceso ao mundo laboral, ben por non estar ao alcance das súas posibilidades, ben por non ter a capacidade suficiente para superala. Existen outras opcións, coma os ciclos formativos.

### No caso de que optar por un ciclo formativo:

- Ciclo de grao superior: obtén o título de técnico superior.
- Ciclo de grao medio: obtén o título de técnico.
- Ciclo de Formación Profesional Básica: obtén o título profesional básico.
- Saídas académicas:
  - Ao rematar o ciclo de Formación Profesional Básica podes acceder directamente a un ciclo medio.
  - A persoa que posúa o título de profesional básico, pode obter o título da ESO, mediante a superación da proba de avaliación final da Educación Secundaria Obligatoria.
  - Ao rematar un ciclo medio pódese acceder directamente ao bacharelato e a calquera outro ciclo medio ou a un superior despois de superar a proba de acceso.
  - Ao rematar un ciclo superior pode acceder, de modo directo, ás ensinanzas universitarias e a calquera outro ciclo superior.
- Saídas profesionais:
  - A obtención dos títulos de profesional básico, técnico ou técnico superior permiten a incorporación da persoa ao mundo laboral.
  - O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o desenvolvemento cualificado dunha actividade nun campo profesional. Esta pode ser executada de xeito autónomo, mediante o autoemprego, ou por conta allea.

### 3. Resumo de contidos

---

#### O espírito emprendedor

- **Emprender é**
  - Iniciar unha actividade que esixe un esforzo e un traballo;
  - Asumir riscos;
  - Unha forma positiva de afrontar a incerteza do mañá.
- Os emprendedores son persoas
  - Innovadoras;
  - Capaces de adaptarse aos cambios;
  - Capaces de obter unha vantaxe deles mesmos.
- O **espírito emprendedor** supón
  - Querer desenvolver capacidades de cambio;
  - Experimentar coas ideas propias;
  - Reaccionar con maior apertura e flexibilidade ante os retos presentes e futuros.
- **Calidades dunha persoa emprendedora**
  - Motivación;
  - Capacidades para emprender;
    - Claridade de ideas
    - Creatividade e innovación
    - Adaptación aos cambios e situacións novas
    - Asumir riscos e afrontalos
    - Persistencia e sacrificio
    - Comunicación e sociabilidade
    - Optimismo
  - Capacidades profesionais/habilidades;
    - Experiencia previa no sector
    - Formación e xestión empresarial
    - Traballo en equipo
    - Coñecementos técnicos

■ **Por que emprender na actualidade?**

- Problemas aos que enfronta unha persoa emprendedora
  - A persoa emprendedora quere participar ela soa na administración e a xestión da súa empresa, pero tamén debe ser consciente de que en moitas ocasións necesita axuda para facelo.

■ **Cal é a diferenza entre persoa emprendedora e empresario/a?**

- Persoa emprendedora:
  - traballa moito;
  - fai as cousas por si mesma;
  - soluciona os problemas;
  - Controla que os traballadores traballen ao día;
  - fai moitas cousas;
  - rodéase de xente traballadora e submisa;
  - controla o funcionamento da empresa;
  - premia o esforzo;
  - coñece as máquinas da empresa;
  - é imprescindible para crear a empresa e poñela a funcionar.
- Empresario/a:
  - pensa e elabora moito;
  - delega noutros;
  - define estratexias e obxectivos;
  - mide os resultados do traballo dos seus traballadores;
  - xera moito valor na empresa;
  - rodéase de xente capaz, que tome decisións;
  - mira os cambios que hai no mercado;
  - premia os resultados;
  - coñece os números da empresa;
  - é imprescindible para facer medrar a empresa.

## Autonomía e autocoñecemento

Son dúas condicións que deben estar presentes na figura do emprendedor.

- **Autonomía.** Capacidade ou condición dunha persoa de desenvolver tarefas dun xeito independente.
- **Autocoñecemento.** Coñecerse a si mesmo.

## A iniciativa emprendedora e o empresario/a na sociedade

- **Iniciativa emprendedora.** Proceso social e dinámico no que as persoas, soas ou en colaboración con outras, identifican as oportunidades que ofrece o mercado para innovar ou pór as súas ideas en práctica.
- **O/a empresario/a na sociedade actual.** É concibido como un equipo de especialistas. Os requisitos que ha de cumprir unha persoa para poder desenvolver unha actividade por conta propia son:
  - ser maior de idade;
  - ter libre disposición dos seus bens;
  - exercer por conta propia a actividade mercantil.
- **O/a empresario/a e as novas tecnoloxías**
  - I + D + I
    - Investigación. Fai referencia ás actividades encamiñadas a aumentar os coñecementos técnicos e científicos da empresa.
    - Desenvolvemento. Fai referencia á aplicación práctica dos coñecementos.
    - Innovación. Fai referencia ás novas técnicas de organización e xestión da produción, prestación de servizos ou xestión de empresas.

- **O/a empresario/a e a xeración de traballo e benestar social**

Unha das funcións do empresario/a é xerar traballo e, polo tanto, benestar social. Co benestar social as persoas gozan dunha calidade de vida digna que se consegue a través dun posto de traballo para poder satisfacer as súas necesidades.

## Interese, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional

As aptitudes, motivacións persoais e intereses dunha persoa á hora de decidir sobre unha carreira profesional pódense medir. Para iso utilizamos estas ferramentas:

- **Test de orientación vocacional.** Preguntas sobre os gustos, intereses, aptitudes, actitudes e preferencias profesionais dunha persoa.

- **Cuestionario de autoavaliación.** Preguntas agrupadas nos seguintes apartados:
  - que che gusta?
  - que che gusta facer?
  - que sabes facer?
  - que valoras no traballo
  - como es?
- **Figura do orientador.** Profesionais que lles axudan ás persoas á hora de tomar unha decisión.

### Itinerarios formativos e carreiras profesionais

- **Itinerarios formativos.** Camiño que escolle unha persoa para prepararse e formarse.
  - Formación regrada:
    - Primaria
    - Secundaria
    - Bacharelato
    - Ciclos formativos
    - Carreiras universitarias
  - Formación non regrada:
    - Cursos
    - Mestrado
    - Ensino por correspondencia
    - Formación ocupacional impartida polo SEPE
    - Estudos impartidos por centros oficiais con títulos propios
  - Formación permanente:
    - lectura
    - actividades culturais
    - estudo persoal

- cursos de formación dentro das empresas
- outras
- Alternativas despois da Ensinanza Secundaria Obrigatoria:
  - Bacharelato
  - Ciclos formativos de grao medio
  - Ensinanzas deportivas de grao medio
  - Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de grao medio
- No caso de non ter o título da ESO:
  - Educación de Persoas Adultas
  - Ciclos formativos de grao medio - proba de acceso e 17 anos
  - Ensinanzas de idiomas
  - Ensinanzas elementais e profesionais de música e danza
- **Ciclos formativos.** O mercado laboral precisa cada vez máis esixencia debido aos cambios tecnolóxicos na sociedade. A formación profesional vese influenciada polas innovacións tecnolóxicas:
  - As nosas empresas son máis competitivas grazas aos novos coñecementos técnicos e á creatividade nos procesos.
  - Formación de calidade que terá efectos positivos de cara á procura de emprego e á inserción laboral.
- **Carreiras profesionais.** Conxunto de estudos superiores cos cales acadas un título para desenvolver unha profesión.
  - Universidades en Galicia
    - Santiago de Compostela
    - A Coruña
    - Ourense

### A procura de emprego

É o momento no cal debemos decidir o noso futuro profesional. A planificación é un dos elementos clave á hora de buscar un traballo.

## ■ Como buscar traballo?

- Ofertas de emprego:
  - portais de Internet
  - xornais
- Acceso ás ofertas:
  - currículo
  - carta de presentación
- Probas de avaliación:
  - test de aptitude
  - test de personalidade
  - probas profesionais
- Entrevista de selección:
  - Sexa perseverante;
  - Teña en conta as condicións nas que está disposto a traballar;
  - Lembre que o currículo é a súa presentación na empresa;
  - Chegue con tempo suficiente;
  - Trate o interlocutor polo seu apelido;
  - Non chame a atención con vestimentas e complementos impropios;
  - Sexa formal;
  - Infórmese sobre os salarios no mercado laboral;
  - Non faga preguntas sobre o salario;
  - Non use o teléfono móbil;
  - Non chame á empresa para preguntar se foi seleccionado;
- Emprego

## ■ Onde desenvolver o traballo?

- Sector primario
- Sector secundario
- Sector terciario

## O autoemprego

Consiste en crear o seu propio posto de traballo.

■ **O autoemprego:**

- É unha saída óptima para os que non poden ou non queren traballar por conta allea.
- Esixe esforzo e sacrificio.
- É unha forma de integrarse no mercado laboral.
- Precisa dunha formación previa nun sector específico.
- Ofrece a posibilidade de optar por unha **franquía**:
  - Relación xurídica e comercial entre o propietario dunha marca comercial e unha persoa ou grupo de persoas que desexan explotar esa marca.
  - Existen dous tipos de franquía: franquía de produto ou marca comercial e franquía de negocio.

■ **Axudas e subvencións ao autoemprego:**

- Para xoves emprendedores;
- Por incentivos aos traballadores por conta propia;
- Axudas financeiras do ICO;
- Bonificacións a traballadores por conta propia para a conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación;
- Outras.

A toma de decisións sobre o itinerario profesional

Á hora de tomar a importante decisión sobre o teu itinerario persoal, do cal dependerá o teu futuro profesional, hai que ter en conta factores internos e externos.

■ **Factores internos:**

- Características da persoa;
- Elección vocacional;
- Identificación dos gustos persoais.

■ **Factores externos:**

- Os relacionados coa contorna na que se move a persoa.

## 4. Actividades complementarias

---

**S24.** Complete o glosario que aparece no punto 7 da unidade.

O traballo desenvolverase na aula, en grupos de dúas persoas, para o cal utilizarán Internet, xornais ou libro de texto.

Cada grupo deberá achegar 10 novos termos que non aparezan no glosario proposto para expoñelos e así evitar a repetición destes.

**S25.** Supoña que vai iniciar unha actividade profesional como empresario/a autónomo/a.

Procure información sobre as axudas ou subvencións que pode percibir.

Que requisitos precisa para ter dereito a elas?

**S26.** Investigue utilizando medios telemáticos as áreas de actividade profesional na súa contorna, ás que podería acceder unha vez rematado o ensino secundario obrigatorio.

Cre que debe seguir formándose polas características que demandan esas empresas?

Sería importante cursar idiomas e ter coñecementos de informática?

**S27.** O seu veciño Xan ten un pequeno negocio no barrio. El sente a necesidade de modernizalo porque está a perder clientela. Ao mesmo tempo, ten medo a facelo porque di que non ten coñecementos nin de novas tecnoloxías nin de como conseguir financiamento para unha reforma. Todo isto permitiríalle gañar clientela e medrar no mercado.

a) Que consellos lle daría a Xan?

## 5. Exercicios de autoavaliación

---

### 1. As persoas emprendedoras son:

---

- ☐ Innovadoras.
- ☐ Capaces de adaptarse aos cambios.
- ☐ Capaces de obter unha vantaxe delas mesmas.
- ☐ As tres respostas son correctas.

### 2. O espírito emprendedor supón...

---

- ☐ Querer desenvolver capacidades de cambio.
- ☐ Experimentar con ideas doutros.
- ☐ Ser pouco flexible aos cambios do mercado.
- ☐ Arriscar pouco.

### 3. Cal das seguintes non é unha característica da persoa emprendedora?

---

- ☐ Rodéase de xente traballadora e submisa.
- ☐ Xera moito valor na empresa.
- ☐ Traballa moito.
- ☐ Premia o esforzo.

### 4. Cal das seguintes non é unha característica do/a empresario/a?

---

- ☐ Fixa obxectivos.
- ☐ Delega noutros.
- ☐ Fai o traballo el mesmo.
- ☐ Rodéase de xente capaz, que tome decisións.

### 5. A investigación é:

---

- ☐ A aplicación práctica dos coñecementos.
- ☐ Novas técnicas de organización e xestión da produción.
- ☐ Actividades encamiñadas a aumentar os coñecementos científicos e técnicos da empresa.
- ☐ Todas as anteriores son falsas.

6. As aptitudes, motivacións persoais e intereses dunha persoa pódense medir:

- ☐ Co seu currículo.
- ☐ Coa súa carta de presentación.
- ☐ Con tests de orientación ou cuestionarios de autoavaliación.
- ☐ Non son medibles.

7. Camiño que escolle unha persoa para prepararse e formarse:

- ☐ Itinerario profesional.
- ☐ Mercado de traballo.
- ☐ As respostas anteriores son verdadeiras.
- ☐ As respostas anteriores son falsas.

8. Actividade profesional ou empresarial creada e exercida pola propia persoa:

- ☐ Traballo por conta allea.
- ☐ Autoemprego.
- ☐ Venda ambulante.
- ☐ Franquía obrigatoriamente.

9. Que debe facer nunha entrevista de traballo?

- ☐ Levar roupa e complementos non axeitados.
- ☐ Chegar tarde.
- ☐ Non esaxerar o currículo.
- ☐ Non chamar para preguntar se foi seleccionado/a.

10. Á hora de buscar un emprego:

- ☐ Sempre debemos esperar a que nos ofrezan un.
- ☐ Debemos saír para buscalo.
- ☐ Hai que ser pacientes. Esperaremos a que algunha amizade nos recomende para un posto de traballo.
- ☐ Nunca se atopa, por iso non merece a pena formarse para obtelo.

11. Unha das funcións do/a empresario/a é:

---

- ☐ Xerar postos de traballo e, por conseguinte, benestar social.
- ☐ Reducir os postos de traballo.
- ☐ Conseguir o benestar social pagando un salario menor a todos os seus traballadores.
- ☐ Xerar postos de traballo temporal e a tempo parcial.

12. Pode unha persoa emprendedora percibir algunha axuda ao iniciar o seu negocio?

---

- ☐ Non hai axudas para emprendedores.
- ☐ A única axuda que pode conseguir é para poñer o seu nome en galego.
- ☐ Si, por inicio de actividade, axudas de financiamento con tipos de interese máis baixo, bonificacións en materia de contratación, entre outras.
- ☐ Si, pero tendo en conta a actividade que vai a desenvolver, xa que só perciben subvención aquelas actividades relacionadas coas novas tecnoloxías.

13. Os ciclos formativos ofrecen:

---

- ☐ Unha formación de calidade.
- ☐ Unha formación teórica que non axuda á inserción no mercado laboral.
- ☐ Efectos negativos á hora de procurar un emprego.
- ☐ Unha formación de calidade e efectos positivos á hora de procurar un emprego.

14. Unha vez que remata a Educación Secundaria Obrigatoria, que pode cursar?

---

- ☐ Unha carreira universitaria.
- ☐ Un ciclo superior.
- ☐ Un ciclo superior se supera a proba de acceso e ten cumpridos 17 anos.
- ☐ Non ten acceso a estudos superiores.

15. Como se pode cursar actualmente a formación profesional en Galicia?

---

- ☐ Por curso completo no réxime presencial.
- ☐ Por curso completo no réxime ordinario.
- ☐ Por módulos formativos no réxime ordinario.
- ☐ Todas son correctas.

## 6. Solucionario

### 6.1 Solucións das actividades propostas


- S1. Indique cales das seguintes calidades que ha de reunir unha persoa emprendedora son verdadeiras e cales son falsas.

|                                                   |            |
|---------------------------------------------------|------------|
| ▪ Creatividade e innovación.                      | Verdadeira |
| ▪ Persistencia e resistencia ao fracaso.          | Falsa      |
| ▪ Capacidade de atopar apoios entre quen o rodea. | Verdadeira |
| ▪ Busca constante de oportunidades.               | Verdadeira |
| ▪ Sempre fracasa.                                 | Falsa      |
| ▪ Non adoita facer o que lle gusta.               | Falsa      |
| ▪ Confía en si mesma.                             | Verdadeira |

- S2. Na seguinte listaxe aparecen cinco temas dos cales terá que elixir dous. Despois de seleccionalos indique un proxecto que lle gustaría emprender con cada un deles.

|                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Negocios</li><li>▪ Viaxes</li><li>▪ Deportes</li><li>▪ Saúde</li><li>▪ Espectáculos</li></ul> | <p><i>Resposta libre.</i></p> <p><i>Resposta orientadora.</i></p> <p><i>Espectáculos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"><li>– Espectáculos infantís</li><li>– Teatro, cantaxogos</li><li>– Sendeirismo</li></ul> |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

- S3. Una con frechas as calidades que aparecen na columna da esquerda cos conceptos de empresario/a e emprendedor da columna da dereita.



- S4. Observe as seguintes características e trazos dunha persoa emprendedora e trata de determinar en que medida as posúe.

RESPOSTA LIBRE

| Trazo                  | % | Trazo                          | % | Trazo                                  | % |
|------------------------|---|--------------------------------|---|----------------------------------------|---|
| ▪ Iniciativa           |   | ▪ Autoestima                   |   | ▪ Capacidade para tomar decisións      |   |
| ▪ Saber planificar     |   | ▪ Optimismo                    |   | ▪ Motivación polo logro                |   |
| ▪ Gusto polo risco     |   | ▪ Responsabilidade             |   | ▪ Capacidade para traballar en equipo  |   |
| ▪ Espírito emprendedor |   | ▪ Resistencia á frustración    |   | ▪ Entusiasmo                           |   |
| ▪ Independente         |   | ▪ Habilidade para relacionarse |   | ▪ Enerxía                              |   |
| ▪ Creatividade         |   | ▪ Persuasión                   |   | ▪ Capacidade                           |   |
| ▪ Constancia           |   | ▪ Mentalidade aberta           |   | ▪ Capacidade para solucionar problemas |   |
| ▪ Liderado             |   | ▪ Capacidade de improvisación  |   |                                        |   |

- S5. Ten madeira de empresario/a? Conteste con sinceridade o seguinte test e descubrirá cales son os seus puntos fortes e os febles para poder corrixilos. Puntúe cada unha das seguintes afirmacións (5 - Totalmente de acordo. 4 – De acordo. 3 - Non sabe/Non contesta. 2 - En desacordo. 1 - Totalmente en desacordo).

RESPOSTA LIBRE

|                               |                                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Máis de 93 puntos<br>ALTO     | <i>Autolidérase eficazmente. Organiza e planifica o seu tempo, prioriza accións. Adecúa as dificultades ás súas capacidades. Está motivado para acadar as súas metas e transmítelle esa motivación aos demais.</i>   |
| Entre 70 e 92 puntos<br>MEDIO | <i>Aínda non está convencido do que quere nin das súas posibilidades de éxito. Debería establecer os obxectivos e planificar os pasos que debe seguir.</i>                                                           |
| Menos de 70 puntos<br>BAIXO   | <i>Dubida constantemente. Necesita un plan de marketing persoal e así identificar os seus puntos fortes e confiar nas súas capacidades. Debe adoptar unha actitude máis flexible para poder adaptarse ao cambio.</i> |

- S6. Corrixa as características que estean mal da persoa emprendedora e do/a empresario/a.

| PERSOA EMPRENDEDORA                                                                                                                                                                                                                                                                              | EMPRESARIO/A                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Traballa moito.</li> <li>▪ Fai o traballo el mesmo.</li> <li>▪ Rodéase de xente traballadora e submisa.</li> <li>▪ Premia o esforzo.</li> <li>▪ Coñece as máquinas da empresa.</li> <li>▪ Fai moitas cousas.</li> <li>▪ Soluciona problemas.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pensa moito.</li> <li>▪ Delega noutros.</li> <li>▪ Rodéase de xente capaz que tome decisións.</li> <li>▪ Premia os resultados.</li> <li>▪ Coñece os números da empresa.</li> <li>▪ Xera moito valor na empresa.</li> <li>▪ Fixa obxectivos.</li> </ul> |

- S7. Relacione coa palabra coa súa definición e coloque cada letra na cuadrícula axeitada.

| Letra | Termo        |
|-------|--------------|
| A     | ▪ Iniciativa |
| B     | ▪ Autonomía  |
| C     | ▪ Motivación |
| D     | ▪ Innovación |
| E     | ▪ Liderado   |
| F     | ▪ Entusiasmo |
| G     | ▪ Autoestima |

| Letra | Definición                                                              |
|-------|-------------------------------------------------------------------------|
| G     | ▪ Valoración dun mesmo.                                                 |
| E     | ▪ Arte de motivar, comandar e conducir persoas.                         |
| A     | ▪ Primeiro paso dun proxecto. Punto de partida dunha acción.            |
| F     | ▪ Aquilo que nos move a desenvolver unha acción ou un proxecto.         |
| D     | ▪ Introducción de novos produtos ou servizos no mercado.                |
| B     | ▪ Desenvolvemento dun proxecto de forma independente.                   |
| C     | ▪ Estado interno que dirixe o organismo para acadar un fin determinado. |

- S8. Indique cales son os posibles problemas aos que se ten que enfrontar unha persoa emprendedora.

|                                                                                                                                                                        |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ▪ A persoa emprendedora quere participar soa na xestión do seu negocio e en moitas ocasións vai necesitar outras persoas.                                              |
| ▪ Cando o negocio comeza a medrar, necesítanse outro tipo de controis e procedementos que esa persoa por si mesma non vai poder afrontar.                              |
| ▪ A persoa emprendedora pode ser un bo innovador, comercial... pero non ten porque posuír a capacidade de saber xestionar o seu negocio axeitadamente e precisa axuda. |

- S9. Relacione cada consello para a persoa emprendedora co seu significado e coloque cada letra na cuadrícula axeitada.

| Letra | Consello emprendedor                                                                                                                                               |
|-------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| A     | ▪ Coñecementos, experiencias, habilidades... Se domina un tema en particular, fágase un experto nel.                                                               |
| B     | ▪ Debe buscar sempre a maneira de gastar menos e comparar ben os prezos.                                                                                           |
| C     | ▪ Como persoa emprendedora, debe valorar cada segundo, debe traballar todos os días e a todas as horas.                                                            |
| D     | ▪ Se as cousas van mal pero confía na súa capacidade, teña paciencia e siga cara a adiante. Cando as cousas saian ben, vaia amodo.                                 |
| E     | ▪ Os erros e os fracasos son parte do camiño que nos leve ao éxito, é máis, sen erros nin fracasos non acadará o éxito..                                           |
| F     | ▪ Un negocio debe ser planificado e facer un plan de negocio. Un plan de negocio é un documento onde sitúa toda a información que te servirá para tomar decisións. |
| G     | ▪ Debe emprender un negocio que o/a apaixone.                                                                                                                      |
| H     | ▪ Debe ofrecer sempre algo innovador, que lle permita diferenciarse dos seus principais competidores.                                                              |

| Letra | Significado                                    |
|-------|------------------------------------------------|
| N     | ▪ Proxéctese nun futuro.                       |
| G     | ▪ Busque a paixón no que faga.                 |
| H     | ▪ Ofrezca algo diferente.                      |
| E     | ▪ Non teña medo a cometer erros.               |
| B     | ▪ Aforre en todo o que poida.                  |
| D     | ▪ Sexa paciente.                               |
| A     | ▪ Aproveite as súas vantaxes.                  |
| I     | ▪ Comece en pequeno pero proxéctese en grande. |

|          |                                                                                                                                                                                             |
|----------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>I</b> | ▪ Empece ofrecendo un só produto ou atendendo un único tipo de consumidor, pois farase un experto nel e despois ofrecerá unha maior variedade de produtos na procura de novos consumidores. |
| <b>J</b> | ▪ Só cando goce de ser unha persoa emprendedora e deixe de obsesionarse cos cartos, chegarán a moreas.                                                                                      |
| <b>L</b> | ▪ Como persoa emprendedora debe estar atenta a todo o que supoña unha oportunidade de negocio.                                                                                              |
| <b>M</b> | ▪ Aprenda continuamente sobre negocios, sobre novas tecnoloxías e sobre todo aquilo que lle afecte ao seu negocio.                                                                          |
| <b>N</b> | ▪ Como persoa emprendedora debe estar preparada para afrontar todo tipo de obstáculos e problemas, debe confiar na súa capacidade e seguir cara a adiante.                                  |
| <b>O</b> | ▪ Tomar boas decisións é fundamental na vida dunha persoa emprendedora. É moi importante cavilalas ben.                                                                                     |
| <b>P</b> | ▪ Considere sempre todos os problemas e dificultades que poidan xurdir e teña en conta que irán aparecendo problemas que non considerou.                                                    |
| <b>Q</b> | ▪ Ao emprender un negocio debe considerar a posibilidade de que poida converterse nun gran negocio.                                                                                         |
| <b>R</b> | ▪ Ao emprender un negocio debe informarse, analizar, capacitarse e planificar. Así minimizará os posibles riscos.                                                                           |
| <b>S</b> | ▪ Sempre debe estar atento aos consumidores, aos seus comportamentos, gustos ou preferencias, á competencia...                                                                              |
| <b>T</b> | ▪ Analice ben os gustos e as preferencias dos consumidores antes de lanzar un produto ao mercado.                                                                                           |
| <b>U</b> | ▪ Se decide ter socios, busque aqueles que complementen, que posúan os recursos ou coñecementos que lle faltan a vostede e que teñan as mesmas aspiracións de crecemento ca vostede.        |

|          |                                                                              |
|----------|------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Q</b> | ▪ Sexa perseverante.                                                         |
| <b>R</b> | ▪ Minimice o risco e logo actúe.                                             |
|          | ▪ Non sexa moi optimista.                                                    |
| <b>C</b> | ▪ Aproveite o tempo.                                                         |
| <b>U</b> | ▪ Rodéese de persoas inxeadas.                                               |
| <b>F</b> | ▪ Planifique sempre.                                                         |
| <b>M</b> | ▪ Non deixe de capacitarse.                                                  |
| <b>T</b> | ▪ Analice perfectamente o mercado.                                           |
| <b>O</b> | ▪ Medite ben as súas decisións.                                              |
| <b>J</b> | ▪ Non se concentre só nos cartos.                                            |
| <b>L</b> | ▪ Busque sempre as oportunidades.                                            |
| <b>S</b> | ▪ Non ofrezca algo que lle guste a vostede, senón aos consumidores en xeral. |

**S10.** Xaquín é empresario e comeza a notarse agoniado por todos os trámites que ten que facer día a día. Trámites coma o pagamento de impostos, a solicitude de permisos no concello, as comunicacións a todo o persoal, os pedidos aos provedores, as promocións do produto a clientela, entre moitos outros. Todo isto quíttalle moito tempo para poder facer outras xestións na empresa.

Cre que se utiliza as novas tecnoloxías podería gañar ese tempo perdido?

*Si, podería gañar moito tempo e reducir custos.*

*Actualmente, as novas tecnoloxías permiten axilizar os trámites dentro da empresa.*


*Pódense facer todos os trámites coa administración de xeito telemático, entrega e pagamento de impostos, taxas, petición de documentos.... e tamén coas entidades financeiras.*

*Do mesmo xeito, o correo electrónico permite a comunicación con terceiras persoas alleas á empresa e cos traballadores desta en tempo real. Evite desprazamentos e custos.*

S11. Defina os termos investigación, desenvolvemento e innovación.

|                                                                   |                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Investigación</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades encamiñadas a aumentar os coñecementos técnicos e científicos da empresa.</li> </ul>                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Aplicación práctica dos coñecementos.</li> </ul>                                                                 |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Innovación</li> </ul>      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Novas técnicas de organización e xestión da produción, prestación de servizos ou xestión de empresas.</li> </ul> |

S12. Identifique cada imaxe coa súa definición.



S13. Alberto Sánchez é o propietario dun taller de mecanizado e mantemento de máquinas industriais. Este ano investiu en maquinaria para poder ofrecer os servizos requiridos polos seus clientes. El sempre trata de organizar o traballo da forma máis eficiente, para isto ofrece servizos diferenciados do resto dos seus principais competidores. O seu amigo Carlos recoméndalle que utilice o correo electrónico como medio de comunicación coa clientela e cos provedores.

|                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>É Alberto un empresario innovador?</li> </ul>                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Alberto innova, xa que está introducindo maquinaria de última xeración para ofrecer servizos diferentes aos seus clientes.</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>Debe seguir o consello do seu amigo Carlos? Por que?</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Alberto debe seguir o consello do seu amigo Carlos. Utilizar o correo electrónico como medio de comunicación vaille a aforrar moito tempo, xa que poderá facerlles os pedidos aos provedores, enviarlles as facturas aos clientes, ao igual que comunicar calquera aviso con respecto aos pedidos. Polo tanto, facilitará o seu traballo.</li> </ul> |

- S14. Marta é unha pequena empresaria que ten unha academia de ensinanzas de ESO, bacharelato e ciclos formativos en Allariz. Ela pensa que sería bo para o seu negocio introducir as novas tecnoloxías da información e da comunicación. Cales poden ser beneficios e en que sentido?

- Creación dun blog, onde podería ofrecer información de todos os seus servizos, horario, entre outros.
- O uso de Internet, para a procura de todo tipo de actividades, descargas, vídeos, presentacións...
- TPV para os cobros con tarxeta de crédito.
- O uso do correo electrónico para solucionarlle dúbidas ao alumnado ou comunicarse con eles.

- S15. Susana do Pazo rematou os seus estudos de bacharelato hai tres anos. Ela decidiu non seguir estudando e poñerse a traballar. Abriu un negocio cuxa actividade principal vai ser unha gardaría infantil. O pasado mes tivo que pechar o negocio pois as perdas eran constantes e os gastos ían en aumento. Os ingresos non chegaban para cubrir os gastos mensuais. Que lle puido ocorrer a Susana para chegar a esta situación?

*A unha persoa emprendedora coma Susana, non lle é suficiente ter iniciativa para abrir un negocio e as calidades estudadas.*

*Na actualidade é preciso ter formación, unha formación específica, neste caso, en Educación Infantil. Debería ter cursado un ciclo superior en Educación Infantil, onde adquiriría os coñecementos necesarios para desenvolver a súa actividade e unha experiencia previa para saber como funciona o negocio.*

- S16. Antón está a piques de rematar o bacharelato. A nota media que espera acadar no é un 6,4 e vai pola rama de Humanidades e Ciencias Sociais. Non sabe que estudar para o próximo curso, xa que a nota que ten non é moi alta. El precisa axuda para decantarse ben, por un ciclo formativo ben, por unha carreira profesional.

*O primeiro que debe facer Antón é un test de autoavaliación, para saber cales son as súas aptitudes, intereses e motivacións para o seu futuro profesional.*

*Unha vez feito, deberá buscar información precisa e sobre os ciclos superiores aos que pode optar e sobre as carreiras universitarias. Así poderá tomar unha decisión segundo os seus gustos e preferencias para decantarse por unha opción ou pola outra.*

- S17. Considera que na actualidade ten máis saídas profesionais cursar un ciclo formativo ca unha carreira universitaria? Por que?

**RESPOSTA LIBRE.**

*Exemplo de resposta: Eu considero que a formación profesional é unha alternativa ás carreiras universitarias porque ten máis saídas laborais e realiza prácticas en empresas antes de rematar o ciclo, así complementas a túa formación.*

*Actualmente hai unha gran variedade de ciclos formativos, tanto de grao medio coma superior, en todos os sectores e ámbitos.*

*Moitas empresas ven respostas ás súas necesidades cos técnicos en Formación Profesional para cubrir os seus postos de traballo.*

S18. Encha os ocos coas palabras que aparecen na caixa, tendo en conta que algunha delas sobra.

| Formación regrada, carreiras profesionais, avances tecnolóxicos, itinerario formativo, laboral, ciclo formativo, formación non regrada                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O mercado <i>laboral</i> cada vez presenta un nivel maior de esixencia debido á introdución dos <i>avances tecnolóxicos</i>.</li> <li>▪ As <i>carreiras profesionais</i> son os estudos superiores técnicos, científicos ou humanísticos que che permiten obter un título para desenvolver unha profesión determinada.</li> <li>▪ O <i>itinerario formativo</i> é o camiño que escolle unha persoa para prepararse e formarse.</li> <li>▪ A formación ocupacional impartida polo SEPE e outras administracións é a formación <i>non regrada</i>.</li> <li>▪ A educación primaria, secundaria obrigatoria e o bacharelato fan referencia á formación <i>regrada</i>.</li> </ul> |


S19. Despois de ver o vídeo na ligazón anterior, sinala que se debe facer e que non se debe facer nunha entrevista de traballo.

| QUE SE DEBE FACER                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | QUE NON SE DEBE FACER                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <i>Investigar sobre a empresa a través da páxina web.</i></li> <li>▪ <i>Saber o currículo de memoria.</i></li> <li>▪ <i>Revisar as preguntas que se adoitan facer nunha entrevista de traballo e practicalas.</i></li> <li>▪ <i>Gravarse para saber como se transmite a imaxe.</i></li> <li>▪ <i>Ir con tempo.</i></li> <li>▪ <i>Levar un caderno para tomar notas.</i></li> <li>▪ <i>Ir ben vestido para a ocasión.</i></li> <li>▪ <i>Amosarse interesado no traballo.</i></li> <li>▪ <i>Conseguir os datos do entrevistador (tarxeta) .</i></li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <i>Non investigar sobre a empresa.</i></li> <li>▪ <i>Non levar demasiado perfume.</i></li> <li>▪ <i>Non inxerir alcol.</i></li> <li>▪ <i>Non comer goma de mascar.</i></li> <li>▪ <i>Amosarse pasivo, sen interese polo posto de traballo.</i></li> <li>▪ <i>Mentir ou esaxerar.</i></li> <li>▪ <i>Non sentarse antes ca o entrevistador.</i></li> <li>▪ <i>Non entrar antes ca o entrevistador.</i></li> </ul> |

S20. Que sector económico predomina na súa zona? Indague en que empresas demandan máis postos de traballo.

|                |
|----------------|
| RESPOSTA LIBRE |
|----------------|

S21. Relacione as franquías co sector de actividade ao que pertencen.




## S22. Encrucillado

### Horizontais

- 3. Demandante de emprego.
- 5. Persoa que pon unha idea na práctica asumindo riscos.
- 7. Capacidade para idear, inventar ou emprender.
- 13. Conxunto de estudos superiores cos cales se obtén un título para desempeñar unha actividade profesional.
- 15. Actividade profesional ou empresarial creada e exercitada pola propia persoa.

### Verticais

- 3. Camiño que escolle unha persoa para preparase e formarse.
- 5. Planificación dun conxunto de actividades dentro da empresa.
- 11. Representación mental que se relaciona con algo real.
- 15. Cambio que supón unha novidade.
- 18. Posibilidade de expoñerte a ter perdas no teu negocio.
- 22. Facultade que alguén ten para crear.



- S23. Deseñe un itinerario persoal no que relacione as posibilidades do ámbito coas súas aspiracións e calidades. Valore tamén a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

*RESPOSTA LIBRE.*

*Pasos que debe seguir:*

- *Seleccione o obxectivo profesional.*
- *Analice as relacións na contorna social e laboral e describa o perfil profesional escollido.*
- *Infórmese da oferta formativa.*
- *Desenvolva un plan profesional.*

## 6.2 Solucións das actividades complementarias

S24. Complete o glosario que aparece no punto 7 da unidade.

O traballo desenvolverase na aula, en grupos de dúas persoas, para o cal utilizarán Internet, xornais ou libro de texto.

Cada grupo deberá achegar 10 novos termos que non aparezan no glosario proposto para expoñelos e así evitar a repetición destes.

*Resposta libre*

- **Ben:** Obxecto tanxible, que se pode tocar, utilizado unha soa vez ou repetidamente.
- **Competitividade empresarial:** Estratexias e métodos que as empresas levan a cabo para obter mellores resultados.
- **Etiquetado:** Colocación de etiquetas nun ou varios produtos.
- **Impostos:** Tributos. Cantidade de diñeiro que se paga ao Estado, Comunidade Autónoma ou Concello obrigatoriamente, establecida para as persoas físicas ou xurídicas para o financiamento dos gastos públicos.
- **Marca:** Identificación comercial e conxunto de diversos identificadores cos que se relaciona un produto.
- **Organización:** Proceso ou función de organizar no que utiliza principios, regras, procedementos e habilidades directivas para acadar de forma eficiente os obxectivos fixados.
- **Pequena empresa:** Entidade independente na que os seus propietarios tamén traballan na nela. O número de traballadores non excede de 10.
- **Profesión:** Emprego ou traballo que exerce unha persoa e polo que recibe un soldo.
- **Servizos:** Algo intanxible, que non se pode tocar. Son entregados no momento e non teñen unha longa vida.
- **Subvencións:** Cantidade de diñeiro que o Estado outorga a unha empresa para financiar unha actividade en concreto a fondo perdido.

S25. Supoña que vai a iniciar unha actividade profesional como empresario/a autónomo/a.

Procure información sobre as axudas ou subvencións que pode percibir.

Que requisitos precisa para ter dereito a elas?

<https://www.serautonomo.net/ayudas-y-subvenciones>

S26. Investigue utilizando medios telemáticos as áreas de actividade profesional na súa contorna, ás que podería acceder unha vez rematado o ensino secundario obrigatorio.

Cre que debe seguir formándose polas características que demandan esas empresas?

Sería importante cursar idiomas e ter coñecementos informáticos?

RESPOSTA LIBRE

- S27. O seu veciño Xan, ten un pequeno negocio no barrio. El sente a necesidade de modernizalo, porque está a perder clientela. Ao mesmo tempo, ten medo a facelo porque di que non ten coñecementos nin de novas tecnoloxías nin de como conseguir financiamento para unha reforma. Todo isto permitiríalle gañar clientela e medrar no mercado.

Que consellos lle daría a Xan?

*Hoxe en día, as novas tecnoloxías da información e da comunicación xeran un grande impacto nas empresas. Convértense en imprescindibles e están en continuo desenvolvemento dentro de calquera empresa, para poder sobrevivir no mercado.*

*Xan debe ser consciente de que debe introducir as novas tecnoloxías e fórmase para o seu manexo: ter unha conta de correo electrónico que lle permita comunicarse con provedores, entidades financeiras, clientes ... Pode deseñar un blog para ofrecer a súa oferta de produtos ou ben realizar a venda da través de Internet. Esta é unha práctica que día a día se fai máis común entre os consumidores. Estes esixen cada vez máis servizos e hai que tratar de cumprilos para poder seguir competindo no mercado.*

*Necesitará financiamento para levar a cabo a incorporación das novas tecnoloxías, e recorre a distintas entidades financeiras para comparar as condicións que lle ofrecen.*

## 6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

### 1. As persoas emprendedoras son:

---

- ☐ Innovadoras.
- ☐ Capaces de adaptarse aos cambios.
- ☐ Capaces de obter unha vantaxe delas mesmas.
- ☒ As tres respostas son correctas.

### 2. O espírito emprendedor supón...

---

- ☒ Querer desenvolver capacidades de cambio.
- ☐ Experimentar con ideas doutros.
- ☐ Ser pouco flexible aos cambios do mercado.
- ☐ Arriscar pouco.

### 3. Cal das seguintes non é unha característica da persoa emprendedora?

---

- ☐ Rodéase de xente traballadora e submisa.
- ☒ Xera moito valor na empresa.
- ☐ Traballa moito.
- ☐ Premia o esforzo.

### 4. Cal das seguintes non é unha característica do/a empresario/a?

---

- ☐ Fixa obxectivos.
- ☐ Delega noutros.
- ☒ Fai o traballo el mesmo.
- ☐ Rodéase de xente capaz, que tome decisións.

### 5. A investigación é:

---

- ☐ A aplicación práctica dos coñecementos.
- ☐ Novas técnicas de organización e xestión da produción.
- ☒ Actividades encamiñadas a aumentar os coñecementos científicos e técnicos da empresa.
- ☐ Todas as anteriores son falsas.

6. As aptitudes, motivacións persoais e intereses dunha persoa pódense medir:

- ☐ Co seu currículo.
- ☐ Coa súa carta de presentación.
- ☒ Con tests de orientación ou cuestionarios de autoavaliación.
- ☐ Non son medibles.

7. Camiño que escolle unha persoa para preparase e formarse:

- ☒ Itinerario profesional.
- ☐ Mercado de traballo.
- ☐ As respostas anteriores son verdadeiras.
- ☐ As respostas anteriores son falsas.

8. Actividade profesional ou empresarial creada e exercida pola propia persoa:

- ☐ Traballo por conta allea.
- ☒ Autoemprego.
- ☐ Venda ambulante.
- ☐ Franquía obrigatoriamente.

9. Que debe facer nunha entrevista de traballo?

- ☐ Levar roupa e complementos non axeitados.
- ☐ Chegar tarde.
- ☒ Non esaxerar o currículo.
- ☐ Non chamar para preguntar se foi seleccionado.

10. Á hora de buscar un emprego:

- ☐ Sempre debemos esperar a que nos ofrezan un.
- ☒ Debemos saír para buscalo.
- ☐ Hai que ser pacientes. Esperaremos a que algunha amizade nos recomende para un posto de traballo.
- ☐ Nunca se atopa, por iso non merece a pena formarse para obtelo.

11. Unha das funcións do/a empresario/a é:

---

- ☒ Xerar postos de traballo e, por conseguinte, benestar social.
- ☐ Reducir os postos de traballo.
- ☐ Conseguir o benestar social pagando un salario menor a todos os seus traballadores.
- ☐ Xerar postos de traballo temporal e a tempo parcial.

12. Pode unha persoa emprendedora percibir algunha axuda ao iniciar o seu negocio?

---

- ☐ Non hai axudas para emprendedores.
- ☐ A única axuda que pode conseguir é para poñer o seu nome en galego.
- ☒ Si, por inicio de actividade, axudas de financiamento con tipos de interese máis baixo, bonificacións en materia de contratación, entre outras.
- ☐ Si, pero tendo en conta a actividade que vai a desenvolver, xa que só perciben subvención aquelas actividades relacionadas coas novas tecnoloxías.

13. Os ciclos formativos ofrecen:

---

- ☐ Unha formación de calidade.
- ☐ Unha formación teórica que non axuda á inserción no mercado laboral.
- ☐ Efectos negativos á hora de procurar un emprego.
- ☒ Unha formación de calidade e efectos positivos á hora de procurar un emprego.

14. Unha vez que remata a Educación Secundaria Obrigatoria, que pode cursar?

---

- ☐ Unha carreira universitaria.
- ☐ Un ciclo superior.
- ☒ Un ciclo superior se supera a proba de acceso e ten cumpridos os 17 anos.
- ☐ Non ten acceso a estudos superiores.

15. Como se pode cursar actualmente a formación profesional en Galicia?:

---

- ☐ Por curso completo no réxime presencial.
- ☒ Por curso completo no réxime ordinario.
- ☐ Por módulos formativos no réxime ordinario.
- ☐ Todas son correctas.

## 7. Glosario

A continuación aparece unha relación de termos para facilitar a comprensión e o estudo dos contidos.

|          |                               |                                                                                                                                                                |
|----------|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>A</b> | ▪ <b>Actividade económica</b> | Proceso mediante o cal se producen bens e son distribuídos polas empresas para satisfacer as necesidades dos consumidores.                                     |
|          | ▪ <b>Autoemprego</b>          | Actividade dunha persoa que traballa para ela mesma de forma directa.                                                                                          |
|          | ▪ <b>Autoestima</b>           | Concepto que se ten dun mesmo.                                                                                                                                 |
|          | ▪ <b>Autonomía</b>            | Capacidade dunha persoa para exercer unha actividade de forma independente.                                                                                    |
| <b>C</b> | ▪ <b>Carreira profesional</b> | Estudios universitarios repartidos nunha serie de anos cos cales se obtén un título para a inserción no mundo laboral.                                         |
|          | ▪ <b>Crowdfunding</b>         | Financiamento colectivo polo cal unha persoa emprendedora recibe un apoio acoutado de numerosos inversores.                                                    |
| <b>D</b> | ▪ <b>Desenvolvemento</b>      | Crecedemento intelectual do individuo.                                                                                                                         |
| <b>E</b> | ▪ <b>Emprendedor/a</b>        | Persoa que ten iniciativa para emprender cousas, sabe descubrir, identificar unha oportunidade de negocio e disporase a organizar e acadar os seus obxectivos. |
|          | ▪ <b>Empresario/a</b>         | Persoa que, de xeito individual ou colectivo, fixa os obxectivos e toma as decisións estratéxicas da empresa e asume todos os riscos dela.                     |
| <b>F</b> | ▪ <b>Franquía</b>             | Licenza, dereito ou concesión que outorga unha persoa (empresa) a outra para que poida explotar un produto, servizo ou marca comercial.                        |
| <b>I</b> | ▪ <b>Iniciativa</b>           | É aquilo que da principio a lago. É o primeiro paso dun proxecto.                                                                                              |
|          | ▪ <b>Innovación</b>           | Cambio que supón unha novidade.                                                                                                                                |
|          | ▪ <b>Itinerario formativo</b> | É o camiño que escolle unha persoa para prepararse e formarse.                                                                                                 |
|          | ▪ <b>Investigación</b>        | Actividade orientada á obtención de novos coñecementos e á súa aplicación.                                                                                     |
| <b>L</b> | ▪ <b>Liderado</b>             | Función que ocupa unha persoa que se distingue do resto e é capaz de tomar decisións axeitadas na empresa.                                                     |
| <b>N</b> | ▪ <b>Nicho de mercado</b>     | Porción dun segmento de mercado (grupo pequeno) na que os individuos posúen características e necesidades homoxéneas.                                          |
| <b>P</b> | ▪ <b>Plan de negocio</b>      | Documento que recolle unha idea de negocio e o conxunto de estratexias que se aplicarán para o seu éxito.                                                      |
|          | ▪ <b>Puntos débiles</b>       | Son aqueles aspectos nos que se é peor que outras persoas e que hai que tratar de modificar.                                                                   |
|          | ▪ <b>Puntos fortes</b>        | Son aqueles aspectos nos que se é mellor que outra persoa.                                                                                                     |
| <b>R</b> | ▪ <b>Rama de actividade</b>   | Clase de actividade da empresa na que unha persoa ocupada exerce a súa actividade principal.                                                                   |

## 8. Bibliografía e recursos

---

### Bibliografía

Libros de texto de consulta para elaborar a unidade:

- Alfaro Giménez Josep, González Fernández Clara, Piña Massachs Montserrat: *Economía de la empresa* 2º Bachillerato, Editorial Mc Graw Hill.
- Iniciativa emprendedora - 4º ESO. Eitorial Editex.

### Ligazóns de Internet

Ligazóns utilizadas na elaboración da unidade didáctica, tanto para os contidos como para as actividades.

- Como emprender un negocio <https://youtu.be/8m2PggfyOPQ>
- <http://www.edebe.com>
- <http://www.edu.xunta.es/fp/innova>


### Outros recursos

Recursos que serán de grande utilidade para o alumnado pois axudaranlle a comprender os contidos estudados na unidade. Deste xeito poderá desenvolver os tests de aptitude vocacional á hora de tomar a decisión de escoller o seu futuro.

- Test de aptitude vocacional <https://www.testgratis.net/psicologicos/test-vocacional.aspx/>
- EDUEMPRENDE [www.edu.xunta.es/fp/eduemprende/](http://www.edu.xunta.es/fp/eduemprende/)

## 9. Anexo. Licenza de recursos

### Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

| RECURSO (1)                                                                                           | DATOS DO RECURSO (1)                                                                                                                                                                                | RECURSO (2)                                                                                            | DATOS DO RECURSO (2)                                                                                                                                                                                     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  <p>RECURSO 1</p>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>            |  <p>RECURSO 2</p>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>                 |
|  <p>RECURSO 3</p>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>            |  <p>RECURSO 4</p>    | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>                 |
|  <p>RECURSO 5</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>            |  <p>RECURSO 6</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: enmanuel balanzategui</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.flickr.com">www.flickr.com</a></li> </ul>      |
|  <p>RECURSO 7</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Geralt</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>              |  <p>RECURSO 8</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Tumisu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>                   |
|  <p>RECURSO 9</p>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Geralt</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>              |  <p>RECURSO 10</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Clier-Free-Vector-Images</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul> |
|  <p>RECURSO 11</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: ijmaki</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>              |  <p>RECURSO 12</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Clier-Free-Vector-Images</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul> |
|  <p>RECURSO 13</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: OpenClipart-Vectors</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul> |  <p>RECURSO 14</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>                 |
|  <p>RECURSO 15</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: OpenClipart-Vectors</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul> |  <p>RECURSO 16</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Ruddin</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>                   |

| RECURSO (1)                                                                                       | DATOS DO RECURSO (1)                                                                                                                                                                                    | RECURSO (2)                                                                                       | DATOS DO RECURSO (2)                                                                                                                                                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <br>RECURSO 17   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Clker-Free-Vector-Images</li> <li>Licenza: Cretive Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul> | <br>RECURSO 18  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: andreas160578</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul> |
| <br>RECURSO 19   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Portaldel Sur ES</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.flickr.com">www.flickr.com</a></li> </ul>          | <br>RECURSO 20  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: MeleanorRigby</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.flickr.com">www.flickr.com</a></li> </ul>   |
| <br>RECURSO 21   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: portal gds</li> <li>Licenza: Cretive Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.flickr.com">www.flickr.com</a></li> </ul>                 | <br>RECURSO 22  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Amit Rou</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.flickr.com">www.flickr.com</a></li> </ul>        |
| <br>RECURSO 23   | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Babij</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.flickr.com">www.flickr.com</a></li> </ul>                     | <br>RECURSO 24  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: 3dman_eu</li> <li>Licenza: Cretive Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>       |
| <br>RECURSO 25  | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: theorganist</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>             | <br>RECURSO 26 | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: Jan Baby</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>      |
| <br>RECURSO 27 | <ul style="list-style-type: none"> <li>Autoría: bykst</li> <li>Licenza: Creative Commons</li> <li><b>Procedencia:</b> <a href="http://www.pixabay.com">www.pixabay.com</a></li> </ul>                   |                                                                                                   |                                                                                                                                                                                               |